

PEC

CEP Celso Emilio Ferreiro

Curso 2021-2022



ÍNDICE

1.- CONTEXTUALIZACIÓN.....	3
2.- O CENTRO.....	7
3.- ESTRUCTURA ORGANIZATIVA.....	10
4.- INTENCIONS EDUCATIVAS.....	19
5.- ASPECTOS CURRICULARES.....	22
6.- A ACCIÓN TITORIAL.....	26
7.- A AVALIACIÓN.....	28
8.- PARTICIPACIÓN EN PROGRAMAS EDUCATIVOS.....	32
9.- PLANS E PROXECTOS.....	39

1. CONTEXTUALIZACIÓN

1.1 DATOS DO CENTRO

NOME: CEP Celso Emilio Ferreiro

CÓDIGO: 36015241

CIF:S8600020E

ENDEREZO: R/ Porriño s/n Coia - 36209 - Vigo

TELÉFONO: 986 29 80 58

TITULARIDADE: PÚBLICA

CORREO ELECTRÓNICO: cep.celso.emilio.ferreiro@edu.xunta.gal

PÁXINA WEB: <http://www.edu.xunta.gal/centros/cepcelsoemiliovigo>

SERVIZOS: TRANSPORTE ESCOLAR

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

COMEDOR ESCOLAR (XESTIÓN INDIRECTA)

AULA MATINAL

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

CENTROS ADSCRITOS: EEI CRISTO DA VICTORIA

ES ÁLVARO CUNQUEIRO

1.2 CONTORNA ESPACIAL

O CEP Celso Emilio Ferreiro atópase no concello de Vigo na área de Coia-As Travesas cunha poboación de máis de 30.000 habitantes. Trátase dun núcleo eminentemente urbano, próximo ao centro da cidade, que creceu a partir da creación dun polígono de vivendas nun dos antigos barrios de Bouzas nos anos

60, coa conversión do solo rural en terreo edificable. É un centro de ensino público de Educación Primaria.

A poboación do barrio de Coia pertence a unha clase media, cunha porcentaxe significativa de empregos relacionados ao sector da automoción. O resto das familias ten unha actividade económica propia desta clase, como poden ser traballos administrativos e de servizos.

O nivel de estudos das familias é moi dispar, xa que a diversidade no noso centro é grande, os estudos dos proxenitores son maioritariamente primarios pero tamén hai familias nas que os dous proxenitores teñen estudos superiores. En canto a situación laboral dos pais e nais normalmente é de asalariados cun soldo medio-baixo. A maioría das familias son orixinarias da zona, aínda que estase experimentando un aumento de alumnado procedente do estranxeiro situándoo en torno a un 15%. Obsérvase tamén un aumento no número de familias desestructuradas.

1.3 SITUACIÓN LINGÜÍSTICA

Na cidade de Vigo a lingua habitual de comunicación é o castelán en case o 60% da poboación e a porcentaxe de monolingües en galego non chegan ao 9%. Referente ó núcleo urbano onde está situado o noso centro, o número de xente que comprende o galego é moi elevado, aínda que o número descende de xeito notable porcentaxe de galego falado.

A lingua vehicular do noso alumnado determínase a partires da análise dos resultados das enquisas realizadas para a elaboración do Proxecto de Normalización Lingüística. Despois de analizar estes datos observase que a maioría do alumnado empregan habitualmente a lingua castelá, tanto oral coma de forma escrita, sendo unha tendencia maioritaria na poboación onde se asenta o colexio. A porcentaxe dos que falan só en galego é mínima.

O descoñecemento do galego conséntase só no caso de familias procedentes doutras comunidades autónomas ou do estranxeiro. As medidas de

atención á incorporación do alumnado estranxeiro quedan reflectidas nun dos documentos anexos ao PE.

No centro educativo a lingua galega está presente na totalidade da documentación administrativa, no rotulado do centro, nas notas informativas, nas comunicacións escritas coas familias e outras institucións.

O profesorado emprega habitualmente, ao relacionarse entre eles, o castelán, sendo unha minoría a que só emprega o galego.

En canto ao persoal non docente e a ANPA empregan maioritariamente o castelán.

1.4 RELACIÓNS CO ENTORNO

CENTRO-CONCELLO

A liña principal de comunicación co Concello é a través da súa representante no Consello. No relativo as tarefas de mellora (limpeza, mantemento,...) mantense contacto a través do correo electrónico co equipo de educación do concello, cuxa atención é practicamente inmediata.

O Concello oferta, ao longo do curso escolar, axudas a nivel académico cun amplo número de actividades lúdicas, saídas, charlas a través de VigoEduca.

CENTRO-ANPA

As relacións coa Asociación de Pais ANPA MORAIMA baséanse no diálogo e na colaboración para dar resposta as necesidades do alumnado e das súas familias. Presentes no Consello Escolar cunha dispoñibilidade constante para progresar e axudar dentro e fóra do horario escolar. O centro cédelles un espazo no aulario para as súas xestións administrativas e axúdalles a difundir os seus comunicados a través da web de do Abalar.

A ANPA xestiona e organiza o servizo da Aula Matinal e as actividades extraescolares que se desenvolven no centro en horario de tarde. Colaboran tamén en numerosas actividades organizadas polo centro relacionadas con festas e conmemoracións. O equipo directivo, o profesorado e a ANPA manteñen un compromiso en favor da calidade da ensinanza, co firme propósito de afrontar os retos educativos provenientes das novas realidades sociais e de apostar por un modelo educativo centrado na formación integral do alumnado.

CENTROS ADSCRITOS E DA CONTORNA

O Centro mantén unha dinámica de colaboración activa co seu entorno e coas entidades que están relacionadas co funcionamento do mesmo, especialmente cos centros adscritos: a EEI Cristo da Victoria, que nutre de alumnado ao primeiro ciclo de Educación Primaria, e co IES Álvaro Cunqueiro que acolle á maior parte do noso alumnado ao rematar a etapa de Primaria. Ademais das relacións propias como centros adscritos e comunicacións relativas a diferentes aspectos administrativos, realizamos actividades conxuntas relacionadas con diferentes conmemoracións (Samaín, Magosto, Entroido, ...) así como calquera petición de colaboración en determinadas actividades.

Mantéñense xornadas de convivencia no mes de xuño nas que o alumnado de 6º de Educación Infantil da EEI visita o noso centro e o noso alumnado de 6º de Primaria visita o IES para manter unha charla co alumnado e profesorado do mesmo.

Coa EEI compartimos o profesorado de Relixión e Orientación.

Mantense unha relación cos outros centros públicos da zona de Coia e do resto do Concello a través de reunións periódicas da Asociación Adicopuvi.

2. O CENTRO

2.1 INSTALACIÓNS

A nivel de instalacións contamos con dous edificios e un pavillón deportivo todos eles rodeados dun gran patio exterior con campos de fútbol, baloncesto e horto escolar. No edificio principal no 1º e 2º andar sitúanse as 12 aulas de Primaria, aseos, 1 aula de Relixión, 1 aula de Música, 1 aula de Inglés, 1 aula de PT, 1 aula de AL, 1 espazo que aloxa os distintos elementos da infraestrutura de rede do centro, o laboratorio e un aula de Plástica. Na planta baixa dispón dos despachos do Equipo Directivo, Administración, almacéns, aseos, sala do Profesorado Departamento de Orientación, 1 aula de PT, Biblioteca, un espazo anexo á biblioteca e sala de usos múltiples.

O edificio anexo ou aulario, dispón 8 aulas. Na planta baixa hai aseos e 4 aulas, dúas aulas que se utilizan como comedor escolar, outra como aula matinal e outra neste intre a utiliza a ANPA. No segundo andar dispón de 4 aulas destinadas a actividades complementarias (cociña, psicomotricidade) e extraescolares, aseos e un almacén. O aulario dispón, na zona exterior, dun pequeno patio cuberto.

2.2 ALUMNADO

O noso centro é un CEP, impartíndose a ensinanza de Educación Primaria.

No momento actual hai matriculados un total de 210 alumnos/as. Aínda que durante todo o curso se produce a incorporación de alumnado procedente doutros centros, países ou a baixa por traslados de domicilio, co cal o número matrícula varía en cada trimestre.

No curso académico 2021-2022 contamos con 12 unidades :

CURSO	GRUPOS A	GRUPOS B
1º	14	15
2º	20	20
3º	14	13

4º	15	14
5º	20	18
6º	23	24

2.3 PERSOAL

2.3.1 DOCENTE

A maior parte do profesorado do claustro (23 docentes) está destinado neste centro con carácter definitivo, e con domicilio habitual preto do mesmo, polo que existe un bo coñecemento da realidade da zona. Isto abre unha etapa de estabilidade que permite que se formulen proxectos de innovación e que se poida deseñar un marco formativo a curto e longo prazo.

Neste contexto tanto o equipo directivo como o profesorado temos clara a imperiosa necesidade de incorporar as tecnoloxías da información e a comunicación na nosa práctica educativa e de integralas nas aulas para propiciar un cambio metodolóxico e mellorar a competencia dixital tanto do profesorado como do alumnado.

Seguindo esta liña de actuación o centro fomenta o desenvolvemento de actividades de formación xestionadas pola rede de formación da Consellería de Educación, tanto en cursos pasados como no curso actual. Resaltar que, grazas á constitución do grupo de traballo do curso 2010-2011, se posibilitou a creación da páxina web do centro co sistema de xestión Drupal e que, nos cursos seguintes, seguimos traballando para formar ao profesorado co obxectivo de que aprenda a utilizar e xestionar este sistema como recurso educativo e poida realizar as súas achegas ao mesmo para conseguir que a páxina web do centro sexa un punto de encontro para toda a comunidade educativa.

Así mesmo somos un centro adscrito á Rede Abalar dende o curso 2012-2013.

A biblioteca do noso centro está, desde o ano 2007, incorporada no Proxecto Meiga e, desde o curso 2011-2012, pertence á rede de bibliotecas integradas no Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares. Este novo concepto de

biblioteca precisa que este espazo educativo se siga dotando dos recursos técnicos necesarios para continuar traballando nesta liña. Na actualidade a sala de lectura conta cun espazo con recursos multimedia que, ademais de ser utilizado polo profesorado e alumnado durante as clases, tamén está a disposición do alumnado que o solicite no tempo de recreo, e tamén en horario de tarde (os xoves, de 16:00 a 18:00) co obxectivo de facilitarlle un acceso a uns recursos dos que non pode dispoñer no seu ámbito familiar.

Traballamos na mellora de equipamento informático e da rede, así como nun paulatino avance na súa utilización como ferramenta de traballo por parte do profesorado e coa conseguinte repercusión no traballo na aula e na formación do alumnado.

2.3.2 NON DOCENTE

- Porteiro-vixiante: Entre as súas funcións están a apertura e o peche do centro, traslado de mobiliario, limpeza e mantemento de zonas verdes, exteriores e instalacións, reparacións. Ademais axuda na preparación das conmemoracións e actividades tales coma o Magosto ou mantemento do horto escolar.
- Dúas coidadoras: Encárganse do coidado de alumnado ACNEAE, apoiando nas aulas ao profesorado en relación ao alumnado que ten asignado. O Departamento de Orientación establece o seu horario.
- Persoal administrativa.

3. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA

3.1 ÓRGANOS DE GOBERNO UNIPERSONAIS

EQUIPO DIRECTIVO

Composto pola dirección, xefatura de estudos e secretaria. As competencias de cada cargo veñen determinadas polo establecido na Lei Orgánica 3/2020 , do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 maio, de Educación, sendo o seu funcionamento o de un equipo que comparte responsabilidades.

O equipo directivo fomentará a participación do profesorado e estará aberto as diferentes propostas que poidan xurdir no seo do claustro ou dos diferentes equipos.

3.2 ÓRGANOS DE GOBERNO COLEXIADOS

CONSELLO ESCOLAR

É órgano a través do cal participan na xestión do centro os distintos membros da comunidade escolar. A súa composición, atribucións e función quedan recollidas de acordo co establecido na Lei Orgánica 3/2020, do 29 decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 maio, de Educación .

CLAUSTRO DE PROFESORES

O Claustro de profesores/as é o órgano propio de participación destes/as no goberno do centro. Estará integrado pola totalidade do profesorado que preste servizos no mesmo e presidido polo director/a do centro.

Ten a responsabilidade de planificar, coordinar, informar e, de ser o caso, decidir sobre todos os aspectos educativos do centro. As súas función axustaranse ao

establecido no Regulamento Orgánico das escolas de Educación Infantil e Primaria (Decreto 374/1996 do 17 de outubro), e ao artigo 129 da LOMLOE.

3.3 ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA

A comisión de coordinación pedagóxica estará integrada polo director/a, como presidente; o xefe/a de estudos; o xefe/a do departamento de orientación, os coordinadores/as de ciclo, e o coordinador/a do equipo de Normalización Lingüística. Actuará como secretario/a un membro da comisión, designado polo director/a, oídos os restantes membros.

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Formarán parte do Departamento de Orientación do CEP Celso Emilio Ferreiro:

- O xefe ou xefa do Departamento.
- Os Mestres de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe que exercen a función de apoio e atención ó alumnado con necesidades de atención específica.
- Os responsables dos diferentes niveis educativos.

As súas función están reguladas polo Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998.

EQUIPOS DOCENTES DE NIVEL

Forman parte destes equipos todo o profesorado implicado na docencia deste nivel educativo.

Dentro da autonomía pedagóxica e de organización do centro, e namentres non se regulen as funcións do responsable de nivel, establecemos no centro o seguinte:

- Esta figura será o vehículo receptor e transmisor de información interniveis, co equipo directivo, departamento de orientación, dinamizacións.
- Velará pola redacción e entrega da programación do nivel.
- Colaborar co secretario ou secretaria na elaboración e actualización do inventario do centro.

COORDINADOR DE CICLO

A persoa coordinadora terá asignadas alomenos unha hora no seu horario lectivo para o desempeño das súas funcións.

Reuniranse de acordo co calendario que se estableza o comezo de cada curso escolar, e sempre que os seus compoñentes o consideren necesario.

Corresponde ao coordinador:

- Dirixir e coordinar as actividades académicas dos diferentes niveis.
- Convocar e presidir as reunións.
- Participar na elaboración do proxecto curricular e elevar á comisión de coordinación pedagóxica as propostas formuladas a este respecto polo equipo.
- Coordinar a ensinanza nos correspondentes niveis de acordo co proxecto curricular.
- Responsabilizarse de que se levante acta das reunións .

EQUIPO DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

Estará integrado por un coordinador/a e polo profesorado que se adscriba ao mesmo no claustro de inicio de curso.

As súas funcións son as establecidas no ROC

Ao inicio de curso programaranse as actividades complementarias e extraescolares que se consideren axeitadas para desenvolver durante o ano e incluíranse na Programación Didáctica de Nivel, así como na PXA.

Durante o trimestre poderanse programar outras se así se considera oportuno pero, tentando non acumular demasiadas nun mesmo trimestre. Limitarase o número de saídas fóra do centro para cada curso e trimestre a dúas. Se algún titor ou titora considera conveniente sobrepasar este número, exporá os motivos á Xefatura de estudos que valorará a citada solicitude.

Criterios á hora de seleccionar as actividades:

- Serán prioritarias as actividades programadas polo persoal docente (titores e especialistas) sobre outras propostas que xa veñan programadas dende fóra.
- No posible, priorizaranse as actividades gratúitas ou no seu caso, as de menor custe para o alumnado.

Actividades propostas polas dinamizacións:

- Teñen carácter prioritario por estar planificadas polo persoal docente.
- Nalgúns casos, deben ir destinadas ao maior número de alumnado posible polo seu carácter enriquecedor, pola súa temática transversal, tarefas competenciais, etc. Nalgúns casos sectorizaranse a determinados niveis.

- Son actividades complementarias e nunca deben substituír ao curriculum, senón máis ben que sirvan de complemento ao mesmo. Á hora de preparar estas actividades facilitarase un equilibrio entre as materias afectadas.
- Na súa planificación deberá haber unha coordinación entre os responsables das dinamizacións e o responsable do Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares.

GRUPO DE DINAMIZACIÓN TIC

Precísase que este equipo manteña unha formación básica e constante garantindo dentro do posible a continuidade do mesmo fomentando a formación pirámidal. O coordinador ou coordinadora do mesmo será nomeado polo Director ou Directora do centro de entre o Claustro de profesores.

O obxectivo deste grupo será o mantemento cotiá dos equipamentos informáticos do centro, así como o soporte no seu uso didáctico ó resto dos profesores do claustro.

Ademais do sinalado no punto anterior, o equipo terá como tarefas fundamentais:

1. Dinamizar e impulsar o uso das TIC do centro.
2. Mantemento cotián dos equipamentos informáticos do centro, constituíndo o primeiro nivel de soporte destes, contando co apoio, nesta tarefa, do asesor ou asesora TIC da zona, sempre que as circunstancias así o requiran.
3. Dar soporte, no uso didáctico, do equipamento informático do centro, ó resto do claustro, contando co apoio, nesta tarefa, do asesor ou asesora TIC da zona, sempre que as circunstancias así o requiran.
4. Elaborará, por requirimento do equipo directivo e das liñas directrices da Comisión de Coordinación Pedagóxica, o plan TIC e a organización e xestión dos medios e recursos tecnolóxicos do centro.
5. Asesorar, de ser o caso, no mantemento do sitio web do centro.

Coa finalidade de facilitar este traballo o Coordinador ou Coordinadora disporá no seu horario semanal alomenos de tres sesións para a realización destas tarefas, sempre que a organización do centro o permita.

DINAMIZACIÓN DE BIBLIOTECA

O Equipo de Biblioteca estará formado pola súa coordinadora e polo profesorado que se adscriba ao mesmo no claustro de inicio de curso. Reuniranse de acordo co calendario que se estableza ao comezo de cada curso e sempre que os seus compoñentes o consideren necesario.

A Orde do 26 de abril de 2012 pola que se convoca o Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares en centros públicos establece que haberá que:

- a) Designar un profesor ou profesora responsable da biblioteca escolar, preferentemente entre o profesorado definitivo no centro, por un período mínimo de dous anos e asignación de horas, dentro do seu horario lectivo e/ou complementario, en número suficiente para as funcións propias, aproveitando as marxes que ofrece a actual configuración do réxime horario do profesorado. Este responsable integrarase na Comisión de Coordinación Pedagóxica do centro.
- b) Crear un equipo de biblioteca ou grupo de apoio, de carácter interdisciplinar, formado por profesorado dos diferentes ciclos ou departamentos presentes no centro, con dispoñibilidade e dedicación específica para a realización das distintas tarefas derivadas do proxecto, que se considerará na elaboración dos horarios do profesorado a comezo do curso escolar. Preferentemente, será este profesorado o que realice as gardas de biblioteca, co fin de garantir a unificación de criterios na xestión e organización dos fondos, e un maior aproveitamento dese tempo lectivo para formación, orientación, asesoramento do alumnado en tanto que usuarios de fontes informativas, e como lectores; tamén para a propia organización de todas as actuacións nas que intervén a biblioteca.

- c) Integrar a biblioteca no desenvolvemento do Proxecto Lector de Centro e incluír o proxecto de biblioteca na Programación xeral anual de centro.

As funcións da dinamización de biblioteca son recollidas na ORDE do 19 de maio de 2017 pola que se convoca o Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares en centros non universitarios sostidos con fondos públicos para o curso 2017/2018 (Anexo I).

DINAMIZACIÓN DE CONVIVENCIA

Tal e como recolle a normativa específica nesta materia constituirase un equipo de dinamización da convivencia dentro do Claustro de Profesores que estará presidida polo Xefe ou Xefa do departamento de Orientación.

O citado grupo terá alomenos as seguintes funcións:

- a) Seleccionar aqueles ámbitos do PAT que máis inciden na convivencia e revisar a súa adecuación.
- b) Velar pola incorporación e tratamento no PAT de contidos relacionados coas habilidades sociais, a intelixencia pacífica de conflitos, a mediación e dinámicas de grupo.
- c) Colaborar na dinamización do plan de convivencia xunto coa Comisión de Convivencia do centro.
- d) Coordinar actuacións no centro, a realizar desde a titoría, promotoras de valores democráticos de convivencia, de negociación e diálogo e de cultura de paz.
- e) Colaborar co departamento de orientación no deseño e desenvolvemento de programas facilitadores da detección de dificultades de convivencia e de relación.
- f) Realizar un informe trimestral, logo das sesión de avaliación sobre o estado da convivencia, con propostas de mellora en función dos logros acadados e das dificultades existentes.

- g) Promover a participación das familias informándoas e asesorándoas, en especial no relacionado coa convivencia democrática.
- h) Valorar as posibilidades de colaboración con organizacións, institucións e colectivos do contorno que poidan completar e reforzar o traballo de centro.

DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

O equipo de dinamización estará composto polo Coordinador ou Coordinadora e polo profesorado que se adscriba ao mesmo no claustro de inicio de curso.

O coordinador ou coordinadora que estará nomeado por dous anos terá as seguintes funcións:

- a) Colaborar na elaboración dos proxectos curriculares de etapa.
- b) Responsabilizarse da redacción dos plans que han de ser propostos á comisión de coordinación pedagóxica.
- c) Convocar e presidir as reunións do equipo.
- d) Responsabilizarse da redacción das actas de reunión, así como da redacción da memoria final de curso, na que se fará unha avaliación das actividades realizadas que se incluírá na memoria do centro.
- e) Proporcionarlles ós membros da comunidade educativa información sobre as actividades do equipo e de todos aqueles actos e institucións culturais relacionados coa realidade galega.

Competencias do equipo de dinamización da lingua galega

Este equipo de dinamización terá as seguintes competencias:

1. Presentar, a través do claustro, propostas ó equipo directivo para a fixación dos obxectivos de normalización lingüística que se incluírán no proxecto educativo de centro.

2. Propoñer á comisión de coordinación pedagóxica, para a súa inclusión no proxecto curricular, o plan xeral para o uso do idioma, no cal se deberá especificar, cando menos:

- a) Medidas para potenciar o uso da lingua galega nas actividades do centro.
- b) Proxectos tendentes a lograr unha valoración positiva do uso da lingua propia e a mellorar a competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.
- c) Propoñerlle á comisión de coordinación pedagóxica, para a súa inclusión no proxecto curricular, o plan específico para potenciar a presenza da realidade galega, cultura, historia, xeografía, economía, etnografía, lingua, literatura, arte, folclore, etc., no ensino.
- d) Elaborar e dinamizar un plan anual de actividades tendentes á consecución dos obxectivos incluídos nos plans anteriores.
- e) Presentar para a súa aprobación no consello escolar o orzamento de investimento dos recursos económicos dispoñibles para estes fins.

Reunirase de acordo co calendario que se estableza ao comezo de cada curso escolar , e sempre que os seus compoñentes o consideren necesario.

4. INTENCIÓN S EDUCATIVAS

4.1 VALORES E PRIORIDADES

- Queremos ser un centro que promova a inclusión educativa, e que traballe na eliminación de barreiras fomentando valores de tolerancia, non violencia, respecto pola diversidade, igualdade entre sexos e que respecte as diferencias nas identidades sexuais do noso alumnado.
- Traballamos nunha educación compensatoria das desigualdades realizando tarefas específicas para os máis desfavorecidos. Na atención á diversidade do alumnado, centrarémonos nas actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, dando resposta real ás necesidades educativas de todo o alumnado.
- O noso empeño é potenciar unha ensinanza activa na que se desenvolvan a iniciativa e a creatividade, fomentando a capacidade de observación, de crítica, de participación activa e adquisición de diferentes hábitos de traballo, aproveitando ao máximo os recursos disponibles tendo en conta as características e necesidades do alumnado.
- Valoramos positivamente o emprego da tecnoloxía, aproveitando todas as vantaxes que ofrece, pero sendo conscientes dos perigos dun uso inapropiado da mesma.
- Fomentamos o coidado do noso centro como lugar idóneo para a adquisición de hábitos respectuosos co medio ambiente facendo fincapé no desenvolvemento sostible como medio para a conservación do planeta.
- Propiciar a corresponsabilidade coas familias a través dunha colaboración planificada (Consello escolar, ANPA, titorías, reunións...).
- Pretendemos que o centro sexa un lugar aberto a toda a comunidade educativa e ao seu barrio, neste senso as instalacións do centro estarán abertas para o seu uso sempre que as solicitudes sexan aprobadas polo consello escolar.

4.2 OBXECTIVOS:

4.2.1 REFERIDOS AO ALUMNADO

1. Fomentar a comunicación e o diálogo entre o alumnado como medio para chegar a acordos tanto a nivel escolar como de convivencia.
2. Conquerir a mellor formación posible, non só dende o punto de vista académico senón tamén como persoas.
3. Facilitar e potenciar a implicación e participación do alumnado nas actividades propostas polo centro e transmitir actitudes de coidado no mantemento das instalación e material común.
4. Impulsar un desenvolvemento emocional equilibrado cunha autoestima adecuada do noso alumnado que contribúa tamén ao respecto e aceptación dos demais.
5. Promover no alumnado sentimentos de aprecio e valoración do seu contorno, a través do coñecemento e coidado do seu entorno cultural, social e natural.
6. Potenciar no noso alumnado actitudes positivas cara ao esforzo e o gusto polo traballo ben feito.
7. Fomentar o respecto e aprecio doutras realidades distintas ás nosas a nivel lingüístico, cultural e social.
8. Coñecer e respectar as normas básicas de funcionamento, organización e convivencia do centro.
9. Posibilitar a adquisición das competencias clave recollidas no currículo da etapa, que incidan no seu enriquecemento integral como persoas.
10. Traballar o espírito crítico e científico que lles capacite para manter actitudes positivas e rexeitar as negativas tendo en conta as posibles consecuencias.

4.2.2 REFERIDOS AO PROFESORADO

1. Axudar a manter un clima de traballo agradable no centro, valorando as opinión e aportacións do Claustro na organización e funcionamento do mesmo.

2. Conseguir unha identidade de centro que permita unha boa coordinación entre o profesorado, tanto no mesmo nivel como entre distintos niveis, optimizando, a súa vez, o traballo entre os diferentes equipos.
3. Promover a incorporación, na medida do posible, dos avances das novas tecnoloxías á acción docente.
4. Desenvolver unha acción tutorial eficaz e procurar unha relación fluída coas familias.
5. Desenvolver, poñendo en marcha todos os mecanismos que proporcione a lexislación vixente, as metodoloxías e recursos máis axeitados para dar resposta ás peculiaridades e os ritmos de traballo de aprendizaxe do alumnado.

4.2.3 REFERIDOS ÁS FAMILIAS

1. Dinamizar a participación das familias na vida do centro a través dos seus órganos de representación.
2. Fomentar todos aqueles servizos que axuden á conciliación da vida familiar e laboral das familias do alumnado.
3. Asesorar e facilitar os trámites administrativos que teñan que desenvolver as familias no ámbito educativo.
4. Facilitar a participación das familias nalgunhas actividades do centro.
5. Manter un fluxo de información coas familias mediante o uso de sistemas eficaces de comunicación.

4.2.4 REFERIDOS AO ÁMBITO INSTITUCIONAL

1. Manter unha correcta relación coas diferentes institucións (Concello, ANPA, Consellería, etc.).
2. Facilitar a incorporación aos novos membros da comunidade educativa: profesorado, persoal non docente, alumnado e familias.
3. Colaborar nas iniciativas e actividades promovidas polas entidades culturais e sociais do entorno, por organismos oficiais e por outras institucións sen ánimo de lucro.

5. ASPECTOS CURRICULARES

5.1 METODOLOXÍA E A SÚA CONTRIBUCIÓN Á CONSECUCIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE

De acordo co establecido no DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia:

- a. A metodoloxía deberá ser variada e adecuada ás características e aos ritmos de aprendizaxe dos alumnos e das alumnas.
- b. Poñerase especial énfase en garantir a inclusión educativa, a atención personalizada ao alumnado e ás súas necesidades de aprendizaxe, a participación e a convivencia, a prevención de dificultades de aprendizaxe e a posta en práctica de mecanismos de reforzamento e flexibilización, alternativas metodolóxicas ou outras medidas adecuadas tan pronto como se detecte calquera destas situación.
- c. A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave.
- d. Procurarase a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, teranse en conta os diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo.
- e. Fomentarase a integración das competencias dedicando un tempo do horario lectivo á realización de proxectos significativos para o alumnado.
- f. Para unha adquisición eficaz das competencias deseñaranse actividades de aprendizaxe que permitan ao alumnado avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo.
- g. A lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave; é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión de lectura de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato.
- h. Os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os

coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvementos da súa competencia comunicativa plurilingüe.

- i. As linguas oficiais utilizaranse só como apoio no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira. No devandito proceso, priorizarase a comprensión, a expresión e a interacción oral.

5.2 TRATAMENTO DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS, NAS ÁREAS, MATERIAS OU MÓDULOS DA EDUCACIÓN EN VALORES E OUTROS ENSINOS

Atendendo ao disposto no Decreto 105/2014 do 4 de setembro, teremos en conta que o tratamento dos elementos transversais será interdisciplinar e a súa formulación pode xurdir en calquera momento do proceso do ensino, polo que, traballarase en todas as áreas, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgúns áreas da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.

Promoverase a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.

Prestarase especial atención á orientación educativa, á acción tutorial e á educación emocional e en valores.

No Plan de Convivencia Escolar promóvese a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos a través duns proxectos concretos :

- Patios dinámicos, co obxectivo de promover a inclusión do alumnado con NEAE, aumentando o desexo e sentido da socialización e do xogo. Acrecentar o desenvolvemento de actividades funcionais fronte a posibles estereotipos e posibles condutas disruptivas. Favorecer o entendemento e o respecto e favorecer a prevención de situacións de acoso escolar.

- Mediadores. Este programa de mediación entre iguais está dirixido ao alumnado de 5º e 6º de EP e destinado a sensibilizar ao alumnado do centro para utilizar o diálogo como medio de resolución de conflitos.

Asimesmo recóllense actividades que eviten os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación de calquera tipo.

- Obradoiros de Igualdade
- Día Internacional da muller traballadora.
- Obradoiros con asociación externas ao centro coma Arelas

Planificaranse actividades relacionadas co desenvolvemento sotible e o coidado do medio ambiente:

- Illas de reciclaxe
- Horto escolar
- Obradoiros

Fomentarase as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

Desenvolveranse actividades relacionadas coa educación e seguridade viaria :

- Obradoiros e charlas da policía local.

5.3 ASPECTOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS

As programacións didácticas correspondentes a cada nivel serán elaboradas de acordo co seguinte guión:

1.- Introducción e contextualización.

2.- Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Relación de estándares de aprendizaxe avaliados da materia que forma parte dos perfís competenciais.

3- Concreción de obxectivos da etapa.

4.- Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliada de:

4.1.- Temporalización

4.2.- Grao mínimo de consecución para superar a materia.

4.3.- Procedementos e instrumentos de avaliación.

5.- Concrecións metodolóxicas.

6.- Materiais e recursos didácticos.

7.- Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

8.- Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.

9.- Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados.

10.- Medidas de atención á diversidade.

11.- Concreción dos elementos transversais.

12.- Actividades complementarias e extraescolares.

13.- Contribución ao Plan Lector.

14.- Contribución ao Plan TIC.

15.- Contribución ao Plan de Convivencia.

16.- Contribución ao Plan Lingüístico.

17.- Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en función dos resultados académicos e procesos de mellora.

Addenda.

6. A ACCIÓN TITORIAL

A acción titorial esta intrínsecamente vinculada á función docente. A titoría convértese no eixe da función orientadora, ao entender a orientación como o acompañamento e o asesoramento do alumnado ao longo do período escolar como un proceso continuo e dirixido ao desenvolvemento integral de todo o alumnado a todos os niveis.

Un dos principios fundamentais que persegue a LOMLOE, recollido no seu preámbulo, é proporcionar unha educación de calidade a todos os cidadáns de ambos sexos en todos os niveis do sistema educativo. Este principio combínase co de equidade que garanta:

- A igualdade de oportunidades.
- A inclusión educativa.
- A non discriminación.

O segundo principio consiste na necesidade de que todos os compoñentes da comunidade educativa colaboren para conseguir unha educación de calidade e equidade a través dun esforzo compartido por alumnado, familias, profesorado, centros, Administracións; para dar cumprimento a este principio necesítanse unha escola inclusiva na que:

- Se produzan intercambios de coñecementos e experiencias.
- Se compartan intereses.
- Se implique aos pais nas tarefas da vida escolar para mellorar as relacións entre os membros da comunidade.

Estes principios pedagóxicos esixen COORDINACIÓN CENTRO-FAMILIAS compartindo:

- Valores e modelos de conduta homoxéneos.

A Acción Titorial será un instrumento básico para intentar dinamizar o proceso pedagóxico e didáctico do centro. Dentro del incluímos aspectos propios da orientación persoal, académica, e algúns métodos relacionados coa atención á diversidade e cos procesos de ensinanza-aprendizaxe.

As persoas titoras informarán regularmente as nais, pais ou as persoas titoras legais do seu alumnado sobre o proceso educativo das súas fillas e dos seus fillos. Esta información realizarase, como mínimo, cunha periodicidade trimestral e recollerá as cualificacións obtidas en cada área ou ámbito, así como a información relativa ao seu proceso de integración socioeducativa.

Ao longo do terceiro ciclo, desde a tutoría coordinarase a incorporación de elementos de orientación académica e profesional que inclúan, polo menos, o progresivo descubrimento de estudos e profesións e a xeración de intereses vocacionais libres de estereotipos sexistas.

Os tutores deberán desenvolver accións para coñecer cada alumno e alumna, identificar as dificultades que poidan existir no seu proceso de aprendizaxe, prever e seguir, se é o caso, as adaptacións curriculares, consideran tipos de agrupamentos, etc.

As súas funcións veñen recollidas no artigo 91 da LOMLOE. O profesorado realizará as funcións recollidas neste artigo baixo o principio de colaboración e traballo.

O PAT constitúe o marco no que se especifican os criterios e procedementos para a organización e funcionamento das tutorías. Elaborado polos tutores en colaboración co Departamento de Orientación, nel establécense os criterios xerais que deberán orientar o labor de tódolos docentes ao longo do curso escolar. Constitúe un proceso que implicará a distintas persoas e institucións, atenderá ás peculiaridades de todo o alumnado e capacitarao para a autoorientación.

7. AVALIACIÓN

7.1 CRITERIOS XERAIS SOBRE A AVALIACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

- Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma Galega.
- Orde 2 de marzo de 2021 (DOG do 11 de marzo)
- Orde 25 de xaneiro de 2022 (DOG do 11 de febreiro)
- Circular 1/2022

A valoración positiva do rendemento educativo nunha sesión de avaliación implica que o alumno progresou satisfactoriamente no seu proceso de aprendizaxe, alcanzou o desenvolvemento adecuado das competencias básicas así como un axeitado grao de madurez, consonte a súa idade, superando todas as dificultades mostradas anteriormente.

Os referentes de avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao curso ou á etapa seguinte.

No contexto deste proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguimento da situación do alumnado con necesidades educativas especiais, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

A área de educación artística está composta por dúas unidades avaliativas que son música e plástica. A nota numérica que se reflectirá será a media das dúas unidades avaliativas.

1.- Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor. A promoción no resto de cursos da etapa será automática.

2.- . O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.

3.- O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerase unha medida de carácter excepcional e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento. Nese caso, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo para que, durante ese curso a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes. Esta decisión so poderá adoptarse unha vez durante a etapa, e terá, en todo caso, carácter excepcional.

4.- Ao finalizar os cursos 2º, 4º e 6º no proceso de avaliación o equipo docente tomará as decisións de promoción tendo en conta os seguintes criterios de promoción:

- O alumnado promocionará:

- Cando alcance o desenvolvemento adecuado das competencias básicas así como o logro dos obxectivos correspondentes, é dicir, cando é avaliado positivamente en todas as áreas de aprendizaxe.

- Se xa foi adoptada a medida ordinaria de permanencia dun ano máis no curso.

- O alumnado non promocionará:

- Se non acada avaliación positiva en dúas, ou máis, das seguintes materias: Matemáticas, Lingua Castelá, Lingua Galega.

- Se non acada avaliación positiva en tres ou máis materias sendo unha delas instrumental.

O alumnado con ACS segue o mesmo criterio de promoción.

CRITERIOS PARA OUTORGAR AS MENCIÓNS HONORÍFICAS

Os equipos docentes poderán propoñer o outorgamento dunha mención honorífica aos alumnos e ás alumnas que superasen todas as áreas da etapa e obtivesen sobresaliente ao rematar educación primaria nunha área ou en varias e que demostren un rendemento académico excelente.

Como norma xeral propoñerase ao alumnado cunha media de final de etapa de 9 ou superior para a mención honorífica.

A proposta de «Mención honorífica» farase constar na acta de avaliación.

PLANS ESPECÍFICOS DE REFORZO PARA O ALUMNADO QUE PERMANEZA UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO

Segundo a ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, a permanencia no mesmo curso considerase unha medida de carácter excepcional. Nese caso o equipo docente do alumnado organizará un plan específico de reforzo para o que se seguirá o establecido no artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021.

O centro conta cun protocolo de Plan Específico de Reforzo destinado a aquel alumnado que permaneza un ano máis nos cursos de 2º, 4º e 6º de EP. No mes de xuño, o equipo docente elabora para aquel alumnado que non promocioe, a relación de necesidades educativas que motivaron a repetición do curso e as medidas ordinarias que foron aplicadas. Encargarase tamén de informar á familia da elaboración deste plan. No mes de setembro o novo equipo docente do alumno á vista das necesidades detectadas o curso anterior,

elaborará as estratexias metodolóxicas e propondrá que recursos serán necesarios para a consecución dos obxectivos.

8.- PARTICIPACIÓN DO CENTRO EN PROGRAMAS EDUCATIVOS

PLAMBE

O PLAMBE é un programa iniciado en 2005 que está a impulsar a transformación das bibliotecas escolares en centros de recursos de lectura, información e aprendizaxe. Pero máis aló dos recursos, as bibliotecas son un instrumento esencial para a innovación educativa na medida en que propician e lideran a utilización de metodoloxías activas, a integración das TIC en contextos reais de aprendizaxe e o traballo por proxectos.

O seu funcionamento é esencial para o desenvolvemento do currículo pois apoia a todas as áreas e materias, non só cos recursos informativos que proporciona, senón tamén coas actividades que organiza en beneficio de toda a comunidade escolar.

O Proxecto Lector do Centro é un documento que articula todas as intervencións que se van levar a cabo en relación coa lectura, a escritura e as habilidades informativas, sendo imprescindible para a formación do alumnado na adquisición das competencias básicas, na actual sociedade da información.

O noso proxecto lector considera a lectura nun sentido amplo: a lectura para aprender, para facer un resumo, para buscar datos, para resolver un problema, para elaborar un traballo, e tamén a lectura pracenteira que ten como único fin o gozo do texto literario.

O eixo deste proxecto estará na biblioteca escolar, concebida como un centro de recursos permanente de lectura, información e aprendizaxe ao servizo dun ensino de calidade.

A implicación de todo o profesorado no noso PLC nas diversas fases de concreción (titorías, ciclos, equipos de dinamización e finalmente comisión de coordinación), asegura a súa integración en todas as áreas e o desenvolvemento das programacións de aula e de biblioteca, plasmada ano a ano no Plan Anual Lector.

SECCIÓNS BILINGÜES

O centro adheriuse ao programa no curso 2013-2014. Este curso 2021/22 será o octavo ano no que se veñen impartindo as sección bilingües nos dous últimos cursos de Primaria do centro na materia de Ed. Plástica.

Con este proxecto pretendemos ofrecer ao alumnado un contexto real no que poida empregar a lingua inglesa para poñer en práctica todo o aprendido na área de lingua estranxeira favorecendo a interacción oral. Escollimos a área de Expresión Plástica xa que é unha materia moi motivadora que propicia un ambiente relaxado e lúdico o cal facilitará o emprego do inglés como vehículo de aprendizaxe.

CONTRATOS-PROGRAMA

- ARCO

ARCO (2021/22)

Destinado a alumnado de 4º e 5º cursos de E.Primaria

- Obxectivos a acadar co programa ARCO
 1. Potenciar actitudes e valores persoais que favorezan unha educación integral baseada na responsabilidade, confianza e autoestima.
 2. Desenvolver actitudes de esforzo e implicación no traballo escolar a partir da adquisición de hábitos de estudo e rutinas de traballo e organización.
 3. Mellorar o rendemento escolar do alumnado con dificultades nas áreas instrumentais: lectura, escritura, resolución de problemas e cálculo.
 4. Compensar as desigualdades xurdidas pola situación de pandemia do noso alumnado máis vulnerable axudando especialmente no seu benestar socioemocional.
 5. Estreitar os lazos de comunicación coas familias, aumentando a implicación das mesmas no seguemento da marcha escolar dos seus fillos e fillas.

6. Potenciar a innovación educativa e a mellora escolar, incorporando tódolos aspectos positivos do programa á práctica docente ordinaria.

- Medidas a desenvolver:

Realizaríanse grupos dentro das aulas de 4º e 5º con aquel alumnado seleccionado coa finalidade de realizar un acompañamento curricular. Se podemos realizar grupos de alumnos entre aulas, realizaríamos un programa concreto de HHSS, xa que temos escolarizados alumnos con problemáticas diversas que así o precisan. Este programa tenta detectar e previr problemas derivados de condutas disruptivas, propiciando comportamentos adaptados e disciplina de aula por procedementos positivos.

PROA+ (2021/22)

Destinado a alumnado de 6º cursos de E.Primaria

- Obxectivos a acadar co programa

1. Potenciar actitudes e valores persoais que favorezan unha educación integral baseada na responsabilidade, confianza e autoestima.
2. Desenvolver actitudes de esforzo e implicación no traballo escolar a partir da adquisición de hábitos de estudo e rutinas de traballo e Organización.
3. Mellorar o rendemento escolar do alumnado con dificultades nas áreas instrumentais: lectura, escritura, resolución de problemas e cálculo, consolidando aprendizaxes e competencias básicas .
4. Compensar as desigualdades xurdidas pola situación de pandemia do noso alumnado máis vulnerable .
5. Respostar de xeito integral ás novas necesidades educativas Sobrevidas, tratando de minorar o impacto da situación covid na Educación e no benestar socioemocional do alumnado , das familias e do profesorado .
6. Estreitar os lazos de comunicación coas familias, aumentando a implicación das mesmas no seguimento da marcha escolar dos seus fillos e fillas.

7. Potenciar a innovación educativa e a mellora escolar, incorporando tódolos aspectos positivos do programa á práctica docente ordinaria.

- Medidas a desenvolver:

Con respecto a PROA+ a temporalización sería todo o curso 2021-2022, en horario lectivo facendo coincidir co horario das dúas titorías de 6º curso nas áreas de LG, LC e MT. Nestas sesión desenvolveríanse programas ORDINARIOS de REFORZO EDUCATIVO para o alumnado seleccionado, en coordinación coa titora.

CPInnova

A iniciativa de Contratos-Programa Innova trata de constituir un instrumento de apoio aos centros para que, dentro da súa autonomía, poidan desenvolver un plan de mellora no que se permita, en función das necesidades detectadas e do proxecto educativo, potenciar, de forma prioritaria, o desenvolvemento das competencias clave, afondar no logro da excelencia educativa, incentivar o talent do alumnado, promover hábitos da vida saudables, impulsar unha educación para o desenvolvemento sostible e mellorar a xestión dos centros.

O centro participa, neste curso 2021-2022, na modalidade EDUsostibilidade cun proxecto que defende a educación ambiental sostible acorde coa zona na que está situado, de xeito que o alumnado aprenda facendo. Preténdese desenvolver un Plan de mellora sobre a sostibilidade , educando e orientando ao alumnado ás boas practicas ambientais e de consumo de xeito que o aprendido adquira sentido e utilidade.

9. PLANS E PROXECTOS DO CENTRO

- I. PLAN XERAL ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
- II. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL
- III. PLAN DE ORIENTACIÓN
- IV. PLAN DE CONVIVENCIA
- V. CONCRECIÓN DO PROTOCOLO DE PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DO ACOSO ESCOLAR E CIBERACOSO INCLUÍDO NO PLAN DE CONVIVENCIA
- VI. PROXECTO LINGÜÍSTICO
- VII. PROXECTO LECTOR
- VIII. PLAN TIC
- IX. OBXECTIVOS E MEDIOS PREVISTOS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO BILINGÜE (SECCIÓNS BILINGÜES)
- X. NOFC
- XI. PLAN DE IGUALDADE
- XII. LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN DA BIBLIOTECA